

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

EXTRACTO da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

BDNS (Identif.): 505471.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias da subvención as entidades locais municipais e supramunicipais, así como as agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

a) Estar adheridos formalmente ao Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía, aprobado pola Comisión Europea o 15 de outubro de 2015, antes da solicitude da axuda. Considerarase a adhesión formal cando se rexistren na web da Oficina do Pacto da Unión Europea (www.pactodelosalcaldes.eu).

b) Non dispor do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) nin redactado nin aprobado.

No caso das entidades locais supramunicipais e agrupacións de entidades locais, deberán cumprir ambos os requisitos todos os concellos agrupados ou asociados, polo que o incumprimento por parte dalgún dos concellos participantes na solicitude de subvención suporá a inadmisión da entidade incumpridora, podendo continuar o resto das entidades coa súa solicitude.



Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas para a elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) destinadas ás entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía (procedemento MT210A), e facer pública a súa convocatoria para o ano 2020.

Serán subvencionables os traballos de asistencia técnica para a elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) destinados ás entidades locais municipais e supramunicipais, así como ás agrupacións de entidades locais, da Comunidade Autónoma de Galicia asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía. A realización destes plans é un dos compromisos adquiridos polos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia asinantes do citado Pacto. Nel tamén se comprometen a ter realizados os ditos plans no prazo máximo de dous anos desde a data de adhesión da entidade ao Pacto dos alcaldes.

O período subvencionable será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020, ambos incluídos.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

Cuarto. *Contía*

As axudas reguladas ao abeiro desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.541E.760.1 (código de proxecto 2017 00056 actuación 087.097), ata un importe máximo dun millón de euros (1.000.000 €), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.



A axuda económica que se conceda poderá acadar:

a) Para as entidades locais municipais: a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por concello segundo o indicado na seguinte táboa, ata o esgotamento do crédito a que se refire o presente artigo.

b) Para as entidades locais supramunicipais e as agrupacións de entidades locais: a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo que será a suma do financiamento máximo correspondente a cada concello da entidade local supramunicipal ou da agrupación de entidades locais solicitante, segundo o indicado na seguinte táboa.

Poboación concellos	Financiamento máximo
Ata 2.000 habitantes	Ata 3.000 €
De 2.001 a 5.000 habitantes	Ata 4.000 €
De 5.001 a 10.000 habitantes	Ata 6.000 €
De 10.001 a 20.000 habitantes	Ata 9.000 €
De 20.001 a 50.000 habitantes	Ata 11.000 €
De 50.001 a 100.000 habitantes	Ata 15.000 €
Máis de 100.001 habitantes	Ata 20.000 €

As actuacións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2020

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

